

## O PÁRAMO

### *Anuncio*

Aprobado por Decreto de 30/09/2016 o padrón polo servizo de axuda a domicilio do mes de setembro de 2016 por medio do presente expónse ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado se, transcorrido o prazo de exposición pública non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do devandito padrón poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdicción.

O mesmo tempo establécese un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía de constrinxemento.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

En O Páramo, a 30 de setembro de 2016.- 1ª Tte. De Alcalde, (Decreto 23/05/2016). Begoña González López

R. 3093

---

## SAMOS

### *Anuncio*

#### **ASUNTO: Aprobación inicial de expediente de modificación das bases de Execución do Orzamento municipal.**

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 7 de outubro de 2016, aprobou inicialmente o expediente de modificación das bases de Execución nº 25 e nº 26 do vixente Orzamento municipal.

En cumprimento do disposto no artigo 169 do TRLRFL, expónse ao público o expediente polo prazo de **15 días hábiles**, contados desde o seguinte ao de publicación deste anuncio no BOP, a fin de que os interesados poidan examinalo e formular as reclamacións que consideren oportunas.

De non presentarse reclamacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado.

Samos, 7 de outubro de 2016.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 3094

---

## SOBER

### *Anuncio*

#### **BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO A PRAZAS DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO EXCMO. CONCELLO DE SOBER, PARA LEVAR A CABO CONTRATACIÓN A TRAVÉS DOS DISTINTOS CONVENIOS ANUAIS ASINADOS COA EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS, SERVIZOS E CREACIÓN DE EMPREGO AO ABEIRO DO PROGRAMA DEPUEMPREGO,**

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto destas bases específicas é a regulación dun procedemento específico para o acceso a prazas vacantes de persoal laboral temporal do Excmo. Concello de Sober, subvencionadas anualmente a través dos distintos convenios asinados coa Excelentísima Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do PROGRAMA DEPUEMPREGO.

SEGUNDA.- CONTIDO MÍNIMO DE CADA CONVOCATORIA.

En cada convocatoria deberá figurar:

1º.-Denominación do posto, con referencia no caso de ser necesario á clase, rama, especialidade e demais características propias do posto.

2º.-Prazo de duración do contrato.

3º.-Requisitos, titulacións e outras condicións específicas que deben reunir os aspirantes.

4º Data e lugar da realización da proba de coñecementos e valoración de méritos.

5º Data e lugar de realización da entrevista personal.

6º Composición do tribunal cualificador.

7º Plazo de presentación de instancias.

PRAZAS OFERTADAS CONVOCATORIA 2016:

-2 prazas de peón de servizós múltiples, contratos de 6 meses, 75 % de xornada.

-1 praza peón pintor, contrato de 6 meses, 50 % de xornada.

-1 praza de auxiliar de viticultura, contrato de 9 meses, 50 % de xornada.

-1 praza técnico/a de turismo, contrato de 8 meses, 50 % de xornada.

-1 praza de monitor/a multidisciplinar deportes, contrato de 6 meses, 50 % de xornada.

-1 praza de técnico/a informática, contrato de 9 meses, 50 % de xornada.

-1 praza de auxiliar especialista oficina. 7 meses, 50% xornada.

TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

Estas bases xerais serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Os anuncios das convocatorias publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello, e na páxina WEB municipal. [www.concellodesober.com](http://www.concellodesober.com).

CUARTA.- REQUISITOS DO PERSOAL ASPIRANTE.

Para tomar parte nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os requisitos que se establezan en cada convocatoria, relativos a titulación e demais requisitos específicos que en cada caso se establezan, e presentarán a súa solicitude de participación na forma establecida no anexo I destas bases, ao que deberán acompañar copia compulsada de DNI ou documento equivalente, así como copia compulsada do título académico esixido, e demais documentación a aportar polo particular a efectos da súa valoración na fase de valoración de méritos.

Os candidatos deberán estar desempregados e inscritos no servizo público de emprego.

QUINTA.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

En cada convocatoria deberá regularse o prazo para a presentación de instancias, que nunca será superior a dez días hábiles. Ó día seguinte ó remate do prazo establecido, publicarase na páxina web [www.concellodesober.com](http://www.concellodesober.com) a lista de admitidos e excluídos (motivando as razóns que levaron a súa exclusión).

No caso de existir solicitudes de participación excluídas otorgarase un prazo de dous días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da lista de admitidos e excluídos para a subsanación das deficiencias atopadas. Unha vez transcurrido o prazo de subsanación procederase a publicación na páxina web [www.concellodesober.com](http://www.concellodesober.com) da lista definitiva de admitidos. De non existir solicitudes de participación excluídas a lista publicada ó día seguinte do remate do prazo establecido para a presentación de instancias terá carácter definitivo.

SEXTA.-TRIBUNAIS CUALIFICADORES.

A selección de persoal laboral temporal para cada praza realizarase mediante un Tribunal cualificador composto por tres empregados públicos do Excmo. Concello de Sober, os cales se designarán en cada convocatoria. Así mesmo, tamén poderán participar como membros do tribunal persoas designadas para tal fin pola Excelentísima Deputación Provincial de Lugo.

No caso de existir un só aspirante a praza convocada, a selección levarase a cabo mediante a celebración dunha entrevista persoal, co gallo de valorar ás aptitudes do aspirante en relación co posto ofertado.

SÉTIMA.-PROBAS DOS PROCEDIMENTOS SELECTIVOS.

A selección realizarase mediante a realización das seguintes probas:

- a) Proba de coñecementos.
- b) Valoración de méritos alegados polos interesados.
- c) Valoración da pertenza a colectivo especial.
- d) Entrevista persoal.

OITAVA.-DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS.

A) A proba de coñecementos, consistirá nun exercicio tipo test de 10 preguntas que versará sobre coñecementos específicos relacionados coas funcións e tarefas a desenvolver. **Cualificarase de 0 a 4 puntos.** Este exercicio terá carácter eliminatorio, sendo necesario para supera-lo obter un mínimo de 2 puntos. O tempo máximo para á realización desta proba será de 30 minutos.

B) Valoración de méritos.

- Experiencia profesional:

Puntuarase con 0,10 puntos por cada mes de servizos prestados nunha Administración Pública nun posto de iguais ou similares características.

Puntuarase con 0,05 puntos por cada mes de servizos prestados nunha empresa privada nun posto de iguais ou similares características.

**Poderán alcanzarse pola experiencia profesional ata un máximo de 2,5 puntos.** Para a puntuación dos méritos de experiencia profesional presentarase certificado de vida laboral expedido pola Tesouería Xeral da Seguridade Social, ou no seu caso certificación de tempo traballado expedida pola Administración Pública ou empresa na que se prestaran os servizos.

- Formación profesional

Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento, expedidos ou homologados por organismos oficiais, directamente relacionados coas funcións propias da praza convocada, acreditados con certificación ou diploma, dacordo coa seguinte puntuación.

- Ata 20 horas de duración- 0,10 puntos.

- De 21 a 50 horas de duración -0,20 puntos.

-De 51 a 100 horas de duración-0,30 puntos

-De 101 ou mais horas de duración-0,40 puntos

**Como máximo poderán alcanzarse por formación profesional un máximo de 1,5 puntos.**

-Cursos de coñecemento da lingua galega expedidos ou homologados por organismos oficiais. **Ata 0,5 puntos de acordo coa seguinte baremación:**

-Nivel básico ou medio: 0,25 puntos

-Nivel superior: 0,5 puntos

C) Valoración da pertenza a colectivo especial.

- **Puntuaráse con 1,5 puntos**, a pertenza do candidato a un colectivo con dificultades de integración laboral, tales como: mulleres, maiores de 45 anos, persoas con discapacidade, parados de longa duración, persoas vítimas de violencia de xénero e outros que se recollan na normativa sectorial vixente:

D) A entrevista persoal, versará sobre o recoñecemento das aptitudes ou habilidades persoais para o desempeño do posto de traballo. Realizarase no lugar e data sinalada na convocatoria, e a súa realización terá lugar por chamamento por orden alfabético de nome e apelido dos aspirantes.

**Esta entrevista valorarase cunha puntuación máxima de 2 puntos.**

NOVENA.- RELACIÓN DE APROBADOS.

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal levantará acta coa relación da puntuación obtida por cada aspirante, a cal publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina WEB municipal [www.concellodesober.com](http://www.concellodesober.com), acto seguido, e no prazo máximo de dous días hábiles, por resolución de alcaldía, declararanse superadas as probas selectivas a un total de persoas que nunca superará o total de postos de traballo ofertados, e no prazo máximo de dez días hábiles, procederase á sinatura do respectivo contrato, comezando o traballador a prestar os seus servizos no Concello de Sober.

DÉCIMA.- RÉXIME DE RECURSOS.

Estas bases xerais, as convocatorias e cantos actos administrativos deriven de las e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

DISPOSICIÓN FINAL.

Estas bases xerais entrarán en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e derogan cantas disposicións do mesmo carácter foran aprobadas polo Concello de Sober con anterioridade á súa entrada en vigor.

ANEXO I.- SOLICITUDE PARTICIPACIÓN PROCESO SELECTIVO

I.- DATOS DO EMPREGO QUE SOLICITO

DENOMINACIÓN DO EMPREGO AO QUE SE OPTA

RÉXIME XURÍDICO: PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

II. DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

DNI.:

DOMICILIO AOS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

Declaro responsablemente: Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, e en concreto os seguintes:

- a) Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego ao que aspiro.
- e) Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

SOLICITO: Ser admitido na presente convocatoria ao fin de participar no proceso selectivo.

Sober, a ..... de ..... de 20...

Asdo \_\_\_\_\_

En Sober, a 11 de outubro de 2016.- O alcalde-Luis Fernandez Guitian.

R. 3095

## VILALBA

### Anuncio

#### ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL EN EL BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE LUGO

El Pleno del Ayuntamiento de Vilalba, en sesión ordinaria celebrada el 29 de septiembre de 2016 acordó la aprobación inicial del expediente de modificación de créditos n.º 2876/2016 del Presupuesto en vigor en la modalidad de suplemento de créditos, financiado con cargo , con el siguiente resumen:

#### Estado de Gastos

APLICACIÓN PRESUPUESTARIA	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN INICIAL	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
241-143	Fome Emp Otro Personal (Prog.Form.Dual)	9.000,00€	66.116,31€
241-16000	Seg.Social Otro Personal (Prog.Form.Dual)	18.258,61	30.305,83€
160-22727	Concesion servicio Saneam	85.000,00€	185.000,00€
334-22699	Promoc. Cult Gastos Diver	58.000,00€	68.000,00€
341-22699	Promoc. Dep Gastos Diver	20.000,00€	30.000,00€
932-227082	Servicio Recaudacion Diputa	50.000,00€	75.000,00€
2310-22699	Accion Social Gastos Diver	4.000,00€	21.370,94€





CONCELLO DE SOBER  
LUGO

*SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL*

**CONVOCATORIA:** Dúas prazas de peón servizos múltiples, unha praza de peón pintor, e unha praza de axuliar de viticultura.

**POSTOS: 4.**

**MODALIDADE CONTRACTUAL:** Contrato temporal a tempo parcial, de acordo co convenio asinado coa Deputación Provincial de Lugo, para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do **"PROGRAMA DEPUEMPREGO". EXPTE DE57/2025.**

**DURACIÓN DO CONTRATO:**

**Peóns servizos múltiples:** 6 meses, 75% xornada, dende o 01/12/2016 ata o 31/05/2017.

**Peón Pintor:** 6 meses, 50% xornada; dende o 01/12/2016 ata o 31/05/2017.

**Axuliar viticultura:** 9 meses, 50% xornada; dende o 01/12/2016 ata o 31/08/2017.

**TITULACIÓN ESIXIDA:**

**Peóns servizos múltiples, Peón Pintor:** Certificado estudos primarios ou equivalente.

**Axuliar viticultura:** Ciclo formativo de elaboración de aceites e vino ou equivalente.

**CRITERIOS DE SELECCIÓN:** Os establecidos nas bases específicas para o acceso a prazas de persoal laboral temporal do Exmo Concello de Sober, para levar a cabo contratacións a través dos distintos convenios anuais asinados coa Excelentísima Deputación de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do programa Depuemprego. Publicadas no BOP de Lugo nº 241 de data de 20 de outubro de 2016.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:** 10 días naturais dende a data de publicación desta convocatoria. (Ata o día 14/11/2016, incluído).

**DATA REALIZACIÓN DE PROBA DE COÑECEMENTOS, VALORACIÓN DE MÉRITOS E ENTREVISTA PERSOAL:**

VALORACION MERITOS: 21/11/2016 ás 10:00 H. Salón Plenos concello de Sober.


PROBA COÑECEMENTOS: 21/11/2016 ás 10:30 H. Salón Plenos concello de Sober.

ENTREVISTA PERSOAL: 21/11/2016 ás 11:00 H. Salón Plenos concello de Sober.

**TRIBUNAL CUALIFICADOR:** Secretaria Interventora, Técnico de Emprego e operario municipal obras e servizos.

En Sober. Lugo a 04 de novembro de 2016

O Alcalde-Presidente  
Luis Fernández Guitián.





CONCELLO DE SOBER  
LUGO

*SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL*

**CONVOCATORIA:** Unha praza de técnico de turismo.

**POSTOS:** 1.

**MODALIDADE CONTRACTUAL:** Contrato temporal a tempo parcial, de acordo co convenio asinado coa Deputación Provincial de Lugo, para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do **“PROGRAMA DEPUEMPREGO”**.

**EXPTA DE57/2025.**

**DURACIÓN DO CONTRATO:** 8 meses, 50% xornada, dende o 01/12/2016 ata o 31/07/2017.

**TITULACIÓN ESIXIDA:** Grado ou diplomado en turismo ou equivalente homologado.

**CRITERIOS DE SELECCIÓN:** Os establecidos nas bases específicas para o acceso a prazas de persoal laboral temporal do Exmo Concello de Sober, para levar a cabo contratacións a través dos distintos convenios anuais asinados coa Excelentísima Deputación de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do programa Depuemprego. Publicadas no BOP de Lugo nº 241 de data de 20 de outubro de 2016.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:** 10 días naturais dende a data de publicación desta convocatoria. (Ata o día 14/11/2016, incluído).

**DATA REALIZACIÓN DE PROBA DE COÑECEMENTOS, VALORACIÓN DE MÉRITOS E ENTREVISTA PERSOAL:**

VALORACION MERITOS: 22/11/2016 ás 10:00 H. Salón Plenos concello de Sober.

PROBA COÑECEMENTOS: 22/11/2016 ás 10:30 H. Salón Plenos concello de Sober.

ENTREVISTA PERSOAL: 22/11/2016 ás 11:00 H. Salón Plenos concello de Sober.

**TRIBUNAL CUALIFICADOR:** Secretaria Interventora, Técnico de Emprego e animadora sociocultural.

En Sober. Lugo a 04 de novembro de 2016.

**O Alcalde-Presidente**  
**Luis Fernández Guitián.**





CONCELLO DE SOBER  
LUGO

*SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL*

**CONVOCATORIA:** Unha praza de técnico/a informática (analista/programador informática), e unha praza de auxiliar especialista oficina.

**POSTOS:** 2.

**MODALIDADE CONTRACTUAL:** Contrato temporal a tempo parcial, de acordo co convenio asinado coa Deputación Provincial de Lugo, para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do "**PROGRAMA DEPUEMPREGO**". **EXpte DE57/2025**.

**DURACIÓN DO CONTRATO:**

**Técnico/a informática:** 9 meses, 50% xornada, dende o 01/12/2016 ata o 31/08/2017.

**Auxiliar especialista oficina:** 7 meses, 50% xornada, dende 01/12/2016 ata o 30/06/2017.

**TITULACIÓN ESIXIDA:**

**Praza técnico/a informática:** Grado médio en informática ou equivalente.

**Auxiliar especialista oficina:** Grado médio gestión administrativa ou equivalente.

**CRITERIOS DE SELECCIÓN:** Os establecidos nas bases específicas para o acceso a prazas de persoal laboral temporal do Exmo Concello de Sober, para levar a cabo contratacións a través dos distintos convenios anuais asinados co a Excelentísima Deputación de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do programa Depuemprego. Publicadas no BOP de Lugo nº 241 de data de 20 de outubro de 2016.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:** 10 días naturais dende a data de publicación desta convocatoria. (Ata o día 14/11/2016, incluído).

**DATA REALIZACIÓN DE PROBA DE COÑECEMENTOS, VALORACIÓN DE MÉRITOS E ENTREVISTA PERSOAL:**

VALORACION MERITOS: 23/11/2016 ás 10:00 H. Salón Plenos concello de Sober.


PROBA COÑECEMENTOS: 23/11/2016 ás 10:30 H. Salón Plenos concello de Sober.

ENTREVISTA PERSOAL: 23/11/2016 ás 11:00 H. Salón Plenos concello de Sober.

**TRIBUNAL CUALIFICADOR:** Secretaria Interventora, Técnico de Emprego e Auxiliar Administrativa.

En Sober. Lugo a 04 de novembro de 2016.

O Alcalde-Presidente  
Luis Fernández Guitián.





CONCELLO DE SOBER  
LUGO

*SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL*

**CONVOCATORIA:** Unha praza de monitor/a multidisciplinar deportes.

**POSTOS:** 1.

**MODALIDADE CONTRACTUAL:** Contrato temporal a tempo parcial, de acordo co convenio asinado coa Deputación Provincial de Lugo, para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do "**PROGRAMA DEPUEMPREGO**".  
**EXPTA DE57/2025.**

**DURACIÓN DO CONTRATO:** 6 meses, 50% xornada, dende o 01/12/2016 ata o 31/05/2017.

**TITULACIÓN ESIXIDA:** Técnico superior en actividades físicas e deportivas ou equivalente.

**CRITERIOS DE SELECCIÓN:** Os establecidos nas bases específicas para o acceso a prazas de persoal laboral temporal do Exmo Concello de Sober, para levar a cabo contratacións a través dos distintos convenios anuais asinados coa Excelentísima Deputación de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do programa Depuemprego. Publicadas no BOP de Lugo nº 241 de data de 20 de outubro de 2016.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:** 10 días naturais dende a data de publicación desta convocatoria. (Ata o día 14/10/2016, incluído).

**DATA REALIZACIÓN DE PROBA DE COÑECEMENTOS, VALORACIÓN DE MÉRITOS E ENTREVISTA PERSOAL:**

VALORACION MERITOS: 24/11/2016 ás 10:00 H. Salón Plenos concello de Sober.

PROBA COÑECEMENTOS: 24/11/2016 ás 10:30 H. Salón Plenos concello de Sober.

ENTREVISTA PERSOAL: 24/11/2016 ás 11:00 H. Salón Plenos concello de Sober.

**TRIBUNAL CUALIFICADOR:** Secretaria Interventora, Técnico de Emprego e animadora sociocultural.

En Sober. Lugo a 04 de novembro de 2016.

O Alcalde-Presidente

Luis Fernández Guitián.